



**BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO
CONCELLO DE TUI (PONTEVEDRA) CELEBRADA O 25/10/2018.**

SESIÓN Nº 12/2018

ASISTENTES

ALCALDE-PRESIDENTE

Carlos Vázquez Padín

CONCELLEIROS/AS

GRUPO MUNICIPAL PP

Yovana Velázquez Torres

Antonio Castro Negro

Estrella Carmen Muradas Maceira

GRUPOMUNICIPAL DO

PSdG-PSOE

Enrique Cabaleiro González

Yolanda Rodríguez Rodríguez

José Ramón Magán Rivera

GRUPO MUNICIPAL C21

Eduardo Freiría Martínez

GRUPO MUNICIPAL

CIUDADANOS TUDENSES

Milagros González Monteiro

Andrés Urseira González

GRUPO MUNICIPAL BNG

María Carmen Núñez Méndez

José Martínez Tato

GRUPO MUNICIPAL

ALTERNATIVA TUDENSE

Miguel Ángel Capón Rey

María José González Pérez

GRUPO MIXTO

Laureano Alonso Álvarez

María Jesús da Silva Fernández

José Prada Álvarez, concelleiro non
adscrito

Na Casa do Concello, ás vinte horas e un minuto do día vintecinco de outubro de dous mil dezaoto, reúnen os/as concelleiros/as que están á marxe reseñados/as, baixo a presidencia do Alcalde-Presidente Carlos Vázquez Padín. Asiste a secretaria do concello, Pilar Fernández Alonso e a interventora municipal Elisa Marqués Parrilla. O obxecto da reunión é realizar a sesión ordinaria previamente convocada para o día da data e que se celebra en primeira convocatoria Adóptanse os acordos que a continuación se transcriben.

ORDE DO DÍA

A) PARTE RESOLUTIVA:

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA Nº 10/2018, DE 27 DE SETEMBRO. -

En aplicación do disposto no artigo 91.1 do Regulamento de Organización e Funcionamento das Corporacións Locais, o alcalde comeza preguntando aos concelleiros se teñen algunha observación que realizar á acta correspondente á sesión ordinaria número 10 de 27.09.2018.

Intervén o Sr. Capón Rey e comenta que na páxina 3 do acta, na súa intervención dixera costes “desvirtuados” e non costes “descriptuais” como recolle o borrador da acta.

Non se producen máis observacións e o alcalde somete a votación de aprobación o borrador da acta nº 10 de 27.09.2018, que se aproba por 17 votos a favor que constitúen a unanimidade dos membros da Corporación.

2º.- EXPEDIENTE 2307/2018. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE CONTAS, FACENDA, PATRIMONIO E PERSOAL DE PROPOSTA DE ALCALDÍA EN FUNCIONS, DE 15/10/2018, DE MODIFICACIÓN DE ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES (IBI).-

Vista a proposta da Alcaldía en funcións de data 15.10.2018, do teor:

"PROPOSTA DE ALCALDÍA

Asunto: expediente de aprobación da modificación da ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre Bens Inmoables do Concello de Tui.

No uso das competencias locais recoñecidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto no artigo 20 en relación cos artigos 15 a 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da lei Reguladora das Facendas Locais, esta Alcaldía considera oportuno e necesario modificar o artigo 8 da ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES relativa a redución dos tipos impositivos en urbana e rústica á vista do resultado do procedemento de regularización catastral levado a cabo pola Xerencia Territorial do Catastro de Pontevedra no Concello de Tui, de xeito que se minore a carga fiscal dos cidadáns.

Visto o informe da Intervención municipal de data 15/10/2018.

*Á vista do exposto, esta Alcaldía-Presidencia **PROPÓN**, previo ditame da Comisión de Contas, Facenda e Patrimonio, ó Pleno da Corporación, órgano competente segundo o disposto no artigo 22.2 d) da Lei 7/1985, de 2 de Abril, Reguladora das bases de réxime local, a adopción do seguinte **ACORDO**:*



PRIMEIRO.- *Aprobar inicialmente a modificación do artigo 8 da ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre Bens Inmóbles do Concello de Tui, que quedará redactado como segue:*

" ARTIGO 8.- COTA TRIBUTARIA:

- 1. A cota íntegra deste imposto será o resultado da aplicación á base liquidable dos tipos de gravame recollidos neste artigo.*
- 2. O tipo de gravame para os bens inmóbles urbanos será do 0,46%*
- 3. O tipo de gravame para os bens inmóbles rústicos será do 0,30%*
- 4. O tipo de gravame para os bens inmóbles de características especiais será do 1,3% "*

SEGUNDO.- *Expoñer ao público o presente acordo mediante anuncio no taboleiro de anuncios do Concello de Tui, no Boletín Oficial da Provincia así como nun diario dos de maior difusión da provincia, polo prazo de **trinta** días, a efectos de que os interesados podan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas, en cumprimento do disposto no art. 17 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais.*

TERCEIRO.- *De presentarse reclamacións en prazo, resolveranse expresamente polo Pleno, e en caso de non presentarse, o presente acordo elevarase a definitivo."*

Intervén o Sr. Prada Alvarez dicindo que se propón baixar polo Alcalde e que a proposta é dunha insignificante baixada. No anterior pleno este concelleiro díxolle ao Alcalde que se quería beneficiar que baixase ao 0,4 máximo que permite a Lei. Entón o Alcalde preguntara se estaba disposto á aprobación se se baixaba, insinuando que non había vontade de aprobalo, e eu contesteille que había que estudialo e velo en comisión e con informes de intervención.

Continúa o sr. Prada Álvarez indicando que é consciente de que esta baixada pouco vai repercutir nos petos, e que hai concellos próximos que aplican o mínimo do 0,4 (Oia, Porriño, Pontearreas, Arbo...). Polo anteriormente exposto propoño unha emenda de baixada ao máximo permitido do 0,4, baixe os impostos como Deus manda e terá o meu apoio.

Intervén o Sr. Alonso Álvarez e dille ao Sr. Alcalde que dicía que era liberal pero que o Sr. Prada acaba de gañarlle a partida. Continúa a dicir que este é un tema delicado, que ten unhas consecuencias, e non se pode directamente en pleno baixar. O concello ten que velar polos servizos a prestar, e o informe da interventora dicía que supuña unha redución de cen mil euros. O Partido Popular fixo unha revisión catastral á alza e os membros do goberno do Partido Popular non din nada, e o Alcalde trae baixar 3 centésimas máis. Unha propiedade cun valor catastral de cen mil euros vai supor unha rebaixa de cento vinte euros ao ano. A maioría da poboación móvese entre trinta e cincuenta mil euros, polo que a cantidade de aforro ronda os sesenta euros anuais, que está ben. Continúa dicindo que o que busca o alcalde é saír na prensa, pero que o problema é que ten que reducir no orzamento partidas como Deportes, Emprego, Persoal, e non explica de onde vai sacar a redución. Indícalle ao alcalde que está en entredito, que tomar estas decisións hipotecan o futuro de Tui, que probablemente para o 2019 haberá unha nova Corporación que sería a que tome as decisións. Engade que ademáis temos o problema de Paramos e que porse a

baixar impostos non lle parece serio, e que pensa que o máis prudente sería que retirase isto.

Intervén o Sr. Capón Rey dicindo que segundo comunicación do ORAL o concello vai ter unha recadación a máis de sobre uns 800.000 euros (200.000 do ano que estamos e 200.000 do 2017, 200.000 do 2016 e 200.000 do 2015). Continúa o concelleiro indicando que este incremento é pola incorporación de novos inmobles. Comenta que el coñece un caso, o seu, que de 400 euros pasou a 700 euros, e que isto afecta aos que tiveron incorporación de novos inmobles, alpendres, ampliacións de vivendas, piscinas, ... Polo tanto, se agora baixamos o IBI ás vindeiras Corporacións, que xa non van ter estes incrementos recadatorios, as deixamos cómo as deixamos, no aire.

Engade que non é significativa a rebaixa e sen embargo condiciona os ingresos do concello. Continúa o concelleiro preguntando á interventora se a diminución da presión fiscal de cada concello inflúe nos fondos que vai percibir do Fondo Nacional de Cooperación. A interventora responde que si.

O Sr. Capón Rey comenta que están tomando unha decisión fiscal da que non se ten información, independentemente de que o de rústica é un absurdo. Sinala o concelleiro que o tema do IAE que se traía ao Pleno anterior xa non ven, e que este concello o que necesita é unha auditoría de riscos, polo Beiramiño, por Paramos, por algunha cuestión que traemos hoxe a Pleno. Propoñen que se contifique isto e, entretanto, que o tema quede sobre a mesa e se leve a comisión co coñecemento de toda a información e aí se verá como inflúe na presión fiscal.

A continuación intervén a concelleira Sra. Núñez Méndez dicindo que acompañan a proposta de informe do ORAL que advirte que serán notificadas en novembro as liquidacións do IBI regularizado. Comenta que di o alcalde que lle preocupa o impacto nos cidadáns, pero o problema é a regularización catastral, non o IBI. Comenta que o BNG presentou en marzo de 2016 unha iniciativa no Parlamento Galego de inmediata paralización da renovación catastral, e o Partido Popular votou en contra. Engade que isto aprobouse no 2012 e que esta regularización é inxusta e vai dirixida a bens en solo rústico. Engade que esta reforma pon a lupa sobre contribuintes con menos ingresos e alude ás repercusión indirectas en IRPF, bolsas escolares...

Continúa a concelleira e indica que eles serían mais ambiciosos e apoiarían manifestar o rexeitamento ao proceso de regularización catastral iniciado por Fomento. Engade que lle gustaría saber a opinión dos concelleiros do Partido Popular porque pertencen a un partido que promoveu esta renovación catastral, e o goberno é o goberno de Padín e Partido Popular.

Intervén o Sr. Alcalde comentando que este é un goberno de catro partidos e que non diga falsedades.

Intervén a Sra. Núñez Méndez e indícalle ao Sr. Alcalde que a culpa da subida do IBI non é da oposición, é do Partido Popular que levou a cabo unha inxusta renovación catastral.

A continuación toma a palabra o concelleiro Sr. Cabaleiro González que comenta que o Alcalde di que este é un goberno de catro partidos, e que él leu en prensa un titular de "Padín propoñe" esta nova baixada do IBI, e se ten tanta sensibilidade o normal sería dicir que o goberno propón. Continúa dicindo o concelleiro que é lamentable que agora defenda aos membros do goberno, cando na prensa os deixa de forma lamentable. Engade que é unha mera proposta propagandística e que o PSOE votará en contra e tamén en contra do 0,40 que dixo o Sr. Prada, porque tampouco se pode pasar da baixada propagandística a



unha baixada irresponsable. Se vostede gobernara con responsabilidade isto xa non se producía, parece un mercadeo, e a oposición non chega ao mercadeo. Se o alcalde administrara ben o orzamento puido ter incluído esta rebaixa, pero isto foi unha ocorrencia a posteriori. Esta baixada impositiva se quere vender á cidadanía, e esta baixada simbólica pouco pode significar ao contribuínte medio e pon en risco a esta Corporación. Continúa o Sr. Cabaleiro indicando que se ten que facer unha nova RPT, e unha vez que se adecuen os traballos á realidade actual vai supor un incremento nas retribucións do empregado público. Engade que boa parte da situación económica do concello deriva de que os traballadores perciben menos do salario mínimo interprofesional, que hai sentenzas dos profesores do conservatorio que obrigan a incluílos na RPT, e que cando se incorpore esa masa salarial o gasto de persoal vaise equiparar ao que supón o incremento. Comenta que no pleno anterior o alcalde os acusara de presentar proxectos próximos ao final do mandato, e agora trae esta rebaixa de impostos a menos de cinco meses do remate desta Corporación. Por precaución debería deixar isto sobre a mesa e que o novo goberno non quede hipotecado. Alude a que o Alcalde non ten intención de facer un goberno responsable, e que ao mellor sería o intre de esixir unha impugnación ou modificación desa renovación catastral.

Continúa o concelleiro dicindo que ao final este imposto grava ás persoas que teñen moito patrimonio, ás que teñen pouco lles afecta en menor medida. Engade que este concello en materia de servizos sociais e axuda no fogar non pode levar adiante certas actuacións porque non hai partida, que a día de hoxe hai asociacións sen ánimo de lucro que prestan servizos que teríamos que prestar esta Administración e a Administración autonómica. Remata a súa intervención o Sr. Cabaleiro pedindo ao alcalde que non comprometa as arcas públicas como pretende con esta medida irrisoria.

Intervén o Sr. Castro Negro dicindo que esta proposta é consensuada cos grupos do goberno, non é unha proposta de Padín. Engade que este imposto afecta aos novos elementos, e que esa é unha nova regulación, e catastro cada x anos fai revisión do valor catastral. Comenta que eles con esta baixada queren compensar esa subida catastral, e que esa é a razón da baixada do imposto.

Intervén o Sr. Alcalde e dille ao Sr. Prada que el lle dixera que baixarían máis se o Sr. Prada quería, pero que a proposta tiña que estar ditaminada, e que se querían que se aplicase para o ano 2019 tería que ultimarse o expediente antes de que acabase o ano. Continúa dicindo que proponse que despois da aprobación desta modificación e a principios do ano que ven falen dunha baixada maior. Comenta que a baixada que se pretendía no pleno anterior, que era do 5,7%, era unha baixada significativa. Engade que agora é dun 11,53% de baixada do tipo, e que non poden dicir que é pouca baixada.

Comenta que por un lado está a regularización catastral de piscinas ou galpóns que non estaban de alta, que o importe ronda os 700.000 euros, e que por outro lado hai unha regularización, un incremento dos valores catastrais. Alude a que o imposto calcúlase sobre o valor catastral e a que teñen un dobre impacto que se vai producir sobre os cidadáns, e que con esta baixada se paliaría ese forte impacto sobre os contribuíntes, quedando practicamente igual.

Engade que se non hai rebaixa habería 700.000 euros máis de regularización e 400.000 euros máis en termos de subida do valor catastral xeneralizada a todos.

Continúa a súa intervención o Sr. Alcalde e comenta que o goberno pretende minorizar, reducir ese impacto que se produciría na maioría dos tudenses. Indica que o Sr. Prada di que baixe os impostos como Deus manda, pero que este goberno é o goberno municipal de

Galicia que máis está intentando baixar os impostos. Engade que somos o único concello que suprimiu o imposto de plusvalía, que se sente orgulloso do seu acordo programático, e que unha cousa que pretendían era suprimir ou baixar distintos impostos. Comenta que eles intentan cumprir o seu acordo programático, e que de ocorrencia nada, xa que cun acordo programático públicos sí se sabía o que tentarían facer, responde a unha planificación de goberno. Engade que se estivesen a elaborar os orzamentos para o 2019, pero que non teñen capacidade para facelo porque nesta Corporación co seu ánimo obstrucionista teñen que traerse seis veces as cousas a pleno para tentar aprobalas, no que se refire ao IBI a situación mesmo con esta rebaixa habería un incremento orzamentario, en ningún caso unha redución nin a necesidade de dicir onde recortar, porque non habería tal recorte.

Hai dúas afectacións pola regularización, suporá a entrada de 700.000 euros por esas regularizacións de galpóns, piscinas, etc non declaradas, e suporá a suba do valor catastral. Vostedes din coidado con Paramos e co Beiramiño, pero vostedes propuxeron gastar 5,5 millóns de euros nun parking municipal, polo que lles pido coherencia. Continúa dicindo que o goberno anterior tentara subir o IBI, e que agora din que no último tramo do mandato non poden facer nada. Engade que eles teñen que aproveitar ao máximo o que resta de mandato, por responsabilidade.

O Alcalde diríxese á Sra. Núñez Méndez é indícalle que eles os incoherentes nesta cuestión, quéixanse da regularización catastral pero piden permanentemente máis gasto público, e o gasto público sae dos impostos, non poden pedir máis gasto público e reducir impostos. Continúa dicindo o Sr. Alcalde que a Sra. Núñez Méndez di que non se pode perseguir aos inmigrantes retornados, pero despois piden máis gasto público, e pregunta de onde queren que o Estado quite o diñeiro.

Continúa o alcalde indicando que o ministro agora é Montero, non Montoro, e indícalle ao Sr. Cabaleiro que os titulares son os xornalistas os que os redactan libremente. Engade o alcalde que outra contradición é que algúns de vostedes din que iso beneficia aos que teñen moito patrimonio, e outros din que só afecta ás parroquias, e pide que afinen máis o seu discurso e sexan coherentes e que non os critiquen por unha cousa e pola contraria.

Intervén o Sr. Prada Alvarez e di que aquí ten unha lista de máis de vinte concellos nos que se aplica o 0,40 que é o mínimo. Engade que o que vostedes presentaron era algo ridículo que non repercutía en nada aos petos dos veciños. Comenta que cando o Alcalde o retara a se apoiaría unha baixada maior él dixera que si, pero que a responsabilidade é do seu goberno, que él vota en coherencia consigo mesmo, e que se o alcalde quere facer unha baixada que a faga de xeito que repercuta nos cidadáns e non sexa un mero acto propagandístico.

A continuación intervén o Sr. Alonso Alvarez dicíndolle ao Sr. Alcalde que é increíble o que retorce as cousas, que lle fai crer á audiencia que é un pedazo de pan que vai reducir impostos e con iguais servizos. Pide que deixe o de que tiñan un acordo programático, e di que foi un acordo para sacar ao anterior goberno. Comenta que se cumpren 375 días da moción e o Alcalde non ten nada que dicir do que leva feito. Sinala que o Alcalde dixo que era o concello que máis baixaba, e iso é mentira. Comenta que por exemplo o concello de Melide baixou o IBI fai tempo.

Continúa o Sr. Alonso indicando que hai unha sentenza de que hai que devolver a unha empresa de Tui 24.000 euros da taxa do lixo, e que o alcalde aí que hai Sentenza firme non quere meterse, porque é unha adenda que está na ordenanza e que se podría modificar, e que aí si estaría axudando ao tecido industrial de Tui. Engade que o que trae o Alcalde é unha cortina de fume para tapar a súa nefasta xestión, e que o Alcalde está en minoría, e se lle ocorre tres centésimas máis de baixada e dille á prensa que a oposición é obstrucionista, pero que eles o que teñen e rigor. Quen governe no 2019 non pode quedar nunha situación



de non poder pagarlle aos traballadores. Continúa indicando que o que quere o Alcalde é saír dicindo "eu baixei os impostos", e engade que non sabe se algún membro do PP o vai a deixar entrar nas reunións do PP, porque van en contra das directrices do seu partido. Pide que se deixe de repetir o de obstrucionismo da oposición e se poña a traballar.

Intervén o Sr. Capón Rey aludindo a unha cuestión de orde, e comenta que o Sr. Castro Negro non participa por alusións, é o voceiro do PP e ten dereito a intervir como calquera grupo. Engade que hai alomenos tres grupos no goberno que teñen dereito a intervir.

O Sr. Alcalde responde ao Sr. Capón dicindo que por alusións tamén poden intervir.

Continúa o Sr. Capón Rey dicindo que, respecto ao acordo programático, os programas que se presentan se presentan cando se presentan ás eleccións, e que o único partido que tiña redución de impostos no programa electoral era C21, o PP e CsT non.

Engade que o Alcalde dixo que a incorporación é de bens que non foron declarados, e que está equivocado. Comenta que él lle pode citar un con licenza que non estaba en Catastro porque non tributaban, como as piscinas. Respecto do parking comenta o Sr. Capón que non é un gasto, é un investimento, e que como o teñen planteado vai a reducir os impostos dos cidadáns de tui. Alude a que o concello o pode facer cun crédito cos tipos de interese que hai, e sen necesidade de acudir ao remanente de Tesourería. Engade que o Alcalde plantexa 298 prazas, das que 40 serían do ambulatorio, e que iso non reduciría o problema do aparcamento.

A continuación o Sr. Capón Rey pregunta canto vai a restar de ingresos no Fondo Nacional de Cooperación, e engade que hai que contemplar os riscos financeiros do concello, de Paramos, Beiramiño, ... Comenta que ao que pague 1000 euros de IBI vaille supoñer 112 euros, e que ao que pague menos de 400 euros ao que máis lle supón serían 40 euros.

Remata a súa intervención indicando que a inxustiza do sistema fiscal está nos impostos indirectos, e que ésta é unha rebaixa que só vai favorecer ás economías máis fortes.

Intervén a Sra. Núñez Méndez que comenta que tamén hai que facer referencia aos reparos de intervención, que esta proposta non se acompaña da correlativa redución de gastos necesaria, e que non se ten en conta que no plan financeiro aprobado non se contempla ningunha redución. Engade que os impostos son necesarios para limpar colexios, coidar xardíns, manter a aula da UNED ... Indica que os concelleiros do PP non contestaron a súa pregunta, no senso de que despois de que o PP promovera a regularización catastral, como lle explican aos veciños o incremento de impostos que van subir.

Alude a que o Sr. Padín só foi a peza que o PP usou para sacar ao goberno anterior.

Sinala que efectivamente o gasto público sae dos nosos impostos, e que queren que saia de grandes empresas e multinacionais, e que non queren financiar o rescate da banca, por exemplo. Remata a súa intervención indicando que non o van apoiar e que o próximo pleno van a presentar a proposta de instar ao goberno central a paralización da regularización catastral.

Intervén o concelleiro Sr. Cabaleiro González dicindo que o Alcalde di que tiñan un acordo programático, e comenta que menos mal que o tiñan, porque vendo a deriva á que chegaron como sería se non tivesen acordo programático. Engade que saiu dunha moción con maioría absoluta e que aos tres meses xa estaba en minoría, e se está en minoría é pola responsabilidade do Alcalde. Comenta que ao Sr. Prada Álvarez o Alcalde despreciouno dunha maneira deplorable, e que se está en minoría é porque algo fixo mal. Engade que

houbo un concelleiro do goberno que se abstivo nunha petición de confianza, e comenta que, cando di que o goberno anterior tentou subir o IBI, o Alcalde agora non ten a situación que tiña o goberno anterior. O goberno anterior tivo o orzamento máis baixo dos últimos dez anos deste concello, e que claro que agora se poden permitir folguras que nós non. Continúa o Sr. Cabaleiro indicando que non cabe facer comparativa de concellos, porque cada concello ten a súa realidade, e nós temos que velar pola nosa e o faremos dende a máis estrita responsabilidade. Remata a súa intervención indicando que aprobaron un plan económico financeiro que non contempla esta rebaixa.

Intervén o Sr. Alcalde e di que non lle fale de explotación a veciños, porque vostede formou parte de moitos gobernos anteriores e que non cre que eses gobernos explotasen aos veciños. Continúa o Alcalde indicando que o PSOE nunca gobernou en Melide, Sr. Alonso, vostede puxo un exemplo ao chou e se equivocou. Alude a que falan de rebaixar a taxa do lixo, e sinala que está de acordo que é un reto de futuro, pero que o goberno anterior tampouco o rebaixou. Engade que ademáis incorre noutra contradición, defende que determinados establecementos grandes pagan unha taxa abusiva e despois vai en contra da baixada do IBI porque só beneficia ás empresas moi grandes. Engade o Alcalde que debería explicar esta contradición.

A continuación o Alcalde pide que non lle falen de RPT, e sinala que o goberno que por fin mete unha partida para a reforma da RPT é este. Comenta que a pesar de vostedes hai unha partida para realizar unha RPT porque a estrutura dos departamentos en Tui é moi inadecuada. Sinala que eles encargarán iso no que queda de mandato, e o farán con responsabilidade. Alude a que moitos lle din que en precampaña non faga semellante cousa, porque é unha cuestión controvertida, pero o faremos igual, por responsabilidade e asumindo un alto risco político. Engade que eles están facendo cousas pensando no longo prazo, e que a RPT é un delas. Continúa o alcalde indicando que o Sr. Alonso lle di que lle queda un mes, e que leva dende decembro dicindo que lle quedaban dous meses, polo que lle parece ben que actualice o seu cálculo adiviñatorio.

Engade que nunha Corporación tan fragmentada como a nosa é fundamental que os cidadáns coñezan o que pretende facer o goberno, e iso faise cun acordo programático. Sinala que él nas vindeiras eleccións, e como ninguén terá maioría, el volverá poñer sobre a mesa a posibilidade dun acordo programático.

Continúa o Alcalde dicindo que teñen débeda "0", que están saneados, ata chegar a unha situación lesiva para os cidadáns porque está o diñeiro paralizado nos bancos. Engade que nese contexto o razoable é aliviar o peto dos contribuíntes mediante rebaixas fiscais.

Sinala que todos temos que asumir a nosa responsabilidade, e que nós na oposición no goberno anterior asumimos a responsabilidade de non facerlle a vida imposible a un goberno que estaba en minoría, por sentido da responsabilidade e por consideración cos tudenses e coa cidade de Tui. Esa é a responsabilidade que tivemos nós e que non teñen vostedes bloqueando todo o que lles plantexan.

Engade o Alcalde que a regra de gasto el non a entende en todo a súa dimensión, que é complexa...

O Sr. Alcalde faille á Sra. Rodríguez Rodríguez a primeira advertencia de que non interrompa.

Intervén o Sr. Capón Rey dicindo que el prouxo que quedase sobre a mesa.

O Sr. Alcalde somete a votación a proposta de que o asunto quede sobre a mesa, arraizando a votación o seguinte resultado: oito (8) votos a favor de que o asunto quede sobre a mesa (3 PSdG-PSOE, 2 BNG, 2 AT e 1 de Laureano Alonso Álvarez do GMixto), oito (8) votos en contra (3 PP, 2 C21, 2 de Ciudadanos Tudenses e 1 de María Jesús da



Silva Fernández do GMixto) e unha (1) abstención (de José Prada Álvarez, concelleiro non adscrito).

Dado o empate producido se procede polo Alcalde a realizar unha segunda votación respecto de que o asunto quede sobre a mesa, arroxando esta segunda votación o mesmo resultado de: oito (8) votos a favor (3 PSdG-PSOE, 2 BNG, 2 AT e 1 de Laureano Alonso Álvarez do GMixto), oito (8) votos en contra (3 PP, 2 C21, 2 de Ciudadanos Tudenses e 1 de María Jesús da Silva Fernández do GMixto) e unha (1) abstención (de José Prada Álvarez, concelleiro non adscrito). En consecuencia coa votación e co voto de calidade do Alcalde queda rexeitado que o asunto quede sobre a mesa.

A continuación o Sr. Alcalde somete a votación a proposta de Alcaldía, arroxando a votación o seguinte resultado: oito (8) votos a favor (3 PP, 2 C21, 2 de Ciudadanos Tudenses e 1 de María Jesús da Silva Fernández do GMixto), oito (8) votos en contra (3 PSdG-PSOE, 2 BNG, 2 AT e 1 de Laureano Alonso Álvarez do GMixto) e unha (1) abstención (de José Prada Álvarez, concelleiro non adscrito).

Dado o empate producido se procede polo Alcalde a realizar unha segunda votación, arroxando esta segunda votación o mesmo resultado de: oito (8) votos a favor (3 PP, 2 C21, 2 de Ciudadanos Tudenses e 1 de María Jesús da Silva Fernández do GMixto), oito (8) votos en contra (3 PSdG-PSOE, 2 BNG, 2 AT e 1 de Laureano Alonso Álvarez do GMixto) e unha (1) abstención (de José Prada Álvarez, concelleiro non adscrito). En consecuencia, co voto de calidade do Alcalde queda aprobada a proposta de Alcaldía.

En consecuencia o Pleno da Corporación acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a modificación do artigo 8 da ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre Bens Inmóveis do Concello de Tui, que quedará redactado como segue:

" ARTIGO 8.- COTA TRIBUTARIA:

1. A cota íntegra deste imposto será o resultado da aplicación á base liquidable dos tipos de gravame recollidos neste artigo.
2. O tipo de gravame para os bens inmóveis urbanos será do 0,46%
3. O tipo de gravame para os bens inmóveis rústicos será do 0,30%
4. O tipo de gravame para os bens inmóveis de características especiais será do 1,3% "

SEGUNDO.- Expoñer ao público o presente acordo mediante anuncio no taboleiro de anuncios do Concello de Tui, no Boletín Oficial da Provincia así como nun diario dos de maior difusión da provincia, polo prazo de **trinta** días, a efectos de que os interesados podan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas, en cumprimento do disposto no art. 17 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais.

TERCEIRO.- De presentarse reclamacións en prazo, resolveranse expresamente polo Pleno, e en caso de non presentarse, o presente acordo elevarase a definitivo.

3º.- EXPEDIENTE 1044/2018. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE CONTAS, FACENDA, PATRIMONIO E PERSOAL DE PROPOSTA DE ALCALDÍA, DE DATA 17/09/2018, DE APROBACIÓN DEFINITIVA DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO "CRÉDITO EXTRAORDINARIO Nº 1/2018 C) BASES E PREMIOS CONCURSO IDEAS REORDENACIÓN FRENTE PASEO FLUVIAL".-

Vista a proposta de Alcaldía de data 17.09.2018, do teor:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA"

Asunto: Aprobación definitiva de Modificación de Crédito, "Crédito Extraordinario nº 1/2018 C) Bases e Premios Concurso Ideas Reordenación Frente Fluvial" (Expediente núm. 1044/2018)

Téndose formado por esta Alcaldía o Expediente de Modificación de Crédito, "Crédito extraordinario nº 1/2018 C) Bases e Premios Concurso Ideas Reordenación Frente Fluvial", financiado con Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais, que contén os documentos esixidos polo artigo 168.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).

Visto que, trala súa aprobación inicial polo Pleno da Corporación na súa sesión ordinaria de data 26 de xullo de 2018, e sometemento a exposición pública (en cumprimento do establecido no artigo 169.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL en adiante), previo anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 158, de 17 de agosto de 2018), polo prazo de quince días (entre os días 17 de agosto e 7 de setembro de 2018), durante os cales os/as interesados segundo o artigo 170.1 TRLRFL puideron examinalo, e se presentaron ao mesmo, no rexistro xeral do Concello de Tui, segundo certificado da Secretaria municipal, de data 17 de setembro de 2018, as seguintes reclamacións ao orzamento:

<u>SOLICITANTE</u>	<u>DATA REXISTRO</u>	<u>Nº</u>
Enrique Cabaleiro González voceiro do GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE		
		2018-E-RC-7649
03/09/2018		
Carmen Méndez Núñez voceira do BLOQUE NACIONALISTA GALEGO		
		2018-E-RC-7649
	03/09/2018	
Miguel Ángel Capón Rey voceiro de		
03/09/2018		2018-E-RC-7649
ALTERNATIVA TUDENSE		
Laureano Alonso voceiro de		
SON DE TUI		2018-E-RC-7649
	03/09/2018	
José Prada Alvarez		
03/09/2018		2018-E-RC-7649



Visto que o artigo 170.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais establece que "Artículo 170. Reclamación administrativa: legitimación activa y causas.

(...)2. Únicamente podrán entablarse reclamaciones contra el presupuesto:

a) Por no haberse ajustado su elaboración y aprobación a los trámites establecidos en esta ley.

b) Por omitir el crédito necesario para el cumplimiento de obligaciones exigibles a la entidad local, en virtud de precepto legal o de cualquier otro título legítimo.

c) Por ser de manifiesta insuficiencia los ingresos con relación a los gastos presupuestados o bien de estos respecto a las necesidades para las que esté previsto."

Visto que, segundo o informe da Intervención EMP 85/2018, de 17 de setembro.

Visto que corresponde ao Pleno da Corporación determinar a estimación ou desestimación das alegacións presentadas.

De acordo co establecido no artigo 169TRLRFL remito ao Pleno o expediente e

PROPOÑO

Que adopten os seguintes acordos:

1.- Inadmitir as alegacións presentadas por Enrique Cabaleiro González, voceiro do Grupo municipal do PSdeG-PSOE; Carmen Méndez Núñez, voceira do BLOQUE NACIONALISTA GALEGO; Miguel Ángel Capón Rey, voceiro de ALTERNATIVA TUDENSE; Laureano Alonso voceiro de SON DE TUI e José Prada Alvarez

2.-Aprobar definitivamente o Expediente de Modificación de Créditos "Crédito Extraordinario 1/2018 C) **Bases e Premios Concurso Ideas Reordenación Frente Fluvial**, financiado co Remanente Líquido de Tesourería e por un importe total de 36.050,00€ .

3.- Publicar o edicto de aprobación definitiva do Expediente de Crédito Extraordinario nº 1/2018 C) Bases e Premios Concurso Ideas Reordenación Frente Fluvial, resumido por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e taboleiro de anuncios deste Concello.

5.- O expediente de Crédito Extraordinario entrará en vigor unha vez publicado na forma prevista, e indicar que, segundo o artigo 170.2 TRLRFL. contra a aprobación definitiva do expediente poderá interperse directamente recurso contencioso-administrativo, na forma e prazos que establecen as normas de dita xurisdición."

A continuación toma a palabra o concelleiro Sr. Prada Alvarez que comenta que lle sorprende que non de unha explicación do que se falou en comisión, aínda que sabemos que a secretaria e interventora dixeron en comisión que as bases do concurso de ideas, a licitación, sería despois do crédito, que o que se levaba era o crédito.

Pregunta o concelleiro se entón se teñen que fiar do Alcalde. Pide o concelleiro que se contemplen as alegacións realizadas e que se contemple o ensamblaxe destes dous proxectos que xa existen e que están no seu despacho.

Intervén o Sr. Alonso Alvarez dicindo que isto non se ditaminou e que tiña que traelo por urxencia.

O Sr. Capón Rey pregunta que qué aprobamos, se só o crédito extraordinario.

Responde o Sr. Alcalde que si, que só o crédito extraordinario.

O Sr. Capón Rey comenta que entón o título non está ben. Engade que en comisión lle dixeron o que había, e que propoñen unha emenda para que no convenio de colaboración a firmar co colexio de arquitectos se inclúan as alegacións presentadas polos grupos da oposición, e se fan dous engadidos, que o Presidente do Xurado sexa o Alcalde do Concello de Tui e que se inclúa no Xurado un técnico en representación da Deputación, e que a adxudicación se realice polo Pleno a proposta do Xurado. Pregunta o concelleiro se iso non se pode incluír.

A Secretaria comenta que poden instar ao Alcalde pero que a competencia para a aprobación dun Convenio de colaboración co Colexio de Arquitectos ao respecto sería do Alcalde.

Intervén a concelleira Sra. Núñez Méndez dicindo que en comisión quedou clara a nula intención de negociar, e que o Alcalde só quere que se aprobe o crédito para logo facer as bases e o Convenio de colaboración que estime oportuno. Sinala que lles gusta a fórmula do concurso de ideas, pero que vendo a actitude na comisión se incumpre o acordo plenario de anterior pleno, xa que non houbo debate.

Intervén a concelleira Sra. Rodríguez Rodríguez dicindo que quedaron en que si se levaba unha cousa levábase a outra, que ese foi o acordo ao que vostede chegou e que isto non tiña que vir a Pleno. Engade que as sinaturas dos convenios son de competencia do Alcalde, e que isto ven porque a día de hoxe vostede ten as contas esgotadas. A continuación a Sra. Rodríguez dille ao Alcalde que busque o encaixe presupostario e que o Alcalde traslada cuestións que son da súa responsabilidade ao Pleno. Engade que a oposición non se opón a cuestións para beneficio da cidadanía e que estén dentro da legalidade, pero que porque o Alcalde xestione mal os recursos non lles traslade a outros a responsabilidade. Engade que o Alcalde trae estas e outras cuestións porque ten o orzamento seco, e que isto non é de aprobación polo pleno porque non supera o 10% dos recursos ordinarios dos orzamentos. Remata a súa intervención indicando que se o Alcalde non o contemplou no seu orzamento que o leve ao ano seguinte ou o faga como queira.

Intervén o Sr. Alcalde e pregunta á interventora se o crédito extraordinario ten que vir ao Pleno.

A interventora responde que si.

A Sra. Rodríguez Rodríguez sinala que non interprete mal as súas palabras, que o que dixo é que as bases e o concurso de ideas son do Alcalde.

O Alcalde faille unha segunda advertencia á Sra. Rodríguez Rodríguez.

Continúa o Sr. Alcalde dicindo que sí se ditaminou o crédito extraordinario, a dotación de crédito, que o que non se ditaminou nin aprobou foi o Convenio de colaboración nin as bases do concurso, porque corresponde ao Alcalde e a quen determine a Lei de Contratos,



debendo respectarse os seus preceptos. Poderán dicir que non cren a miña palabra, pero fago un compromiso público.

Indica o Sr. Alcalde que as alegacións que fixeron non procedían, e que sucesivamente buscaron excusas para non apoiálo. Sinala que primeiro viñeron con que as sectoriais tiñan que ser previas ao concurso, e non era así. Despois os representantes do Colexio explicáronlle a cuestión, pero tampouco lles valeu e aí non alegaron nada. Despois dixeron que os cartos eran mellor para Paramos. Despois dixeron que a zona era ampla, e agora din que é pequena. Despois viñeron coas alegacións para frear, e fixeron catro alegacións e agora dúas máis.

O Sr. Capón Rey sinala que a do Alcalde xa era de comisión.

Continúa o Sr. Alcalde dicindo que el comprométese públicamente con que está de acordo en todas menos en unha, e comprométese públicamente a incorporar as que está dacordo. Respecto da designación por pleno por maioría absoluta, se encaixa na Lei de Contratos incorporárase. Respecto da accesibilidade e comunicación do paseo co casco tamén se está dacordo, e tamén se está dacordo co do técnico da Deputación e que o Alcalde presida.

Engade o Alcalde que só hai una na que non está dacordo, en mudar o ámbito de actuación. Comenta que non está dacordo porque xa no seu mandato hai dous proxectos, un dende a zona urbana ata o límite de Salvaterra (e é un proxecto encargado polo seu mandato), e outro proxecto dende a zona urbana ata o límite de Tomiño. Engade que habendo dous proxectos que xa se poden executar, non ten senso incorporalos aquí e facer un ámbito do concurso de 10 km, que pensa que o faría inabarcable. Comenta que salvo nesta alegación, sempre que se poidera facer o resto na Lei de Contratos, el o incorporaría na licitación do concurso. Pero que a licitación do concurso non é o que votamos aquí, votamos o crédito extraordinario.

Intervén o Sr. Prada Alvarez dicindo que si se compromete, pide que se contemple o ensamblaxe deses dous proxectos. Comenta que vaise tragar o de que non se fía porque o Alcalde fixo un compromiso públicamente e non cre que vaia a contradicilo, e que entón para isto terá o seu apoio.

Intervén o Sr. Capón Rey dicindo que antes de presentar as alegacións, esas alegacións xa se formularan nos plenos anteriores, sobretudo polo ámbito, porque hai que ordenar todo o río. Alude a continuación a que os participantes no concurso poden aproveitar eses proxectos, comenta que se precisa una ordenación da ribeira en todo o termo municipal, e sinala que que se ensambren os proxectos lle parece ben. Engade que aceptar isto era ben fácil, que cambiar o ámbito do Convenio era fácil, e que a zoa de arbolado no Paseo Fluvial xa a hai. Sinala que dende a primeira vez que o Alcalde trouxo a pleno isto xa se lle advertiu das alegacións, e indica que van propor que quede sobre a mesa e o leve a comisión para que o seu compromiso sexa por escrito.

Intervén a Sra. Núñez Méndez dicindo que tamén aquí hai reparos da interventora, pero que agora non lle importa. Indica que entenden que é un proxecto importante pero que pensan que é mellorable. Comenta que o votarán a favor cando se plantexe a elaboración do Convenio por toda a Corporación municipal, pero que como se trae hoxe van votar en contra porque non confían no Alcalde. Continúa dicindo a concelleira que no pleno anterior o Alcalde comprometeuse a negociar e sen embargo levou a comisión un Convenio pondo en negra o que vostede considerou.

Intervén a concelleira Sra. Rodríguez Rodríguez e pregunta se os créditos extraordinarios hai que aprobalos en Pleno.

A interventora responde que si.

Pregunta novamente a Sra. Rodríguez á interventora que se houbese partida non tería que vir ao Pleno porque habería crédito.

A interventora responde que si, que non tería que vir.

Pregunta a Sra. Rodríguez á secretaria se os convenios son de competencia do Pleno ou do Alcalde.

A secretaria responde que si aplicas igual criterio que o da Lei de Contratos, se a contía non supera o 10% dos recursos ordinarios do orzamento sería competencia do Alcalde.

A concelleira Sra. Rodríguez Rodríguez indica que o informe da interventora, desfavorable, di que se incumpre a estabilidade presupuestaria, a regra de gasto, os obxectivos do plan económico financeiro... Comenta a Sra. Rodríguez que se o Alcalde ten urxencia que redacte o que queira e faga o que queira dentro dos seus orzamentos. Engade a concelleira que o Alcalde necesita levantar estes reparos en pleno, e que eles ao votar a favor están levantando entre todos eses reparos.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que os concursantes teñen que saber o ámbito e que hai posterior e anterior, polo que os ensamblaxes estarían contemplados xa que serían coñecedores deses outros proxectos.

En relación coa praia da Metraia indica o Alcalde que está no ámbito da actuación (dende a ponte Internacional antiga ata a praia da Metraia), e que unha hipotética recuperación da praia da Metraia estaría contemplada.

Respecto da praia de Areeiros de Guillarei, sinala que xa está contemplada unha actuación, pero que está fora do ámbito do concurso.

Continúa o Alcalde indicando que esta idea valorou metela no orzamento, pero que non o meteu porque precisaba recursos para meter as peticións da oposición e despois non o apoiaron e votaron en contra e bloquearon os orzamentos.

A Sra. Rodríguez Rodríguez di que claro.

O Sr. Alcalde dille á Sra. Rodríguez Rodríguez que lle fai unha segunda advertencia e lle advirte que á terceira procedería a expulsión.

Continúa o Alcalde dicindo que para lograr o seu apoio modificaron os orzamentos, e non tiveron recursos para meter isto, e vostedes sistemáticamente votan en contra e votaron en contra dos orzamentos. Remata o Alcalde indicando que se compromete a todas as alegacións salvo cambiar o ámbito, sempre que sexan compatibles coa Lei de Contratos.

A continuación o Sr. Alcalde somete a votación a petición de que este asunto quede sobre a mesa, arroxando a votación o seguinte resultado: oito (8) votos a favor (3 PSdG-PSOE, 2 BNG, 2 AT e 1 de Laureano Alonso Álvarez do GMixto), oito (8) votos en contra (3 PP, 2 C21, 2 CT e 1 de María Jesús Da Silva Fernández do GMixto) e unha (1) abstención (de José Prada Álvarez, concelleiro non adscrito).

Dado o empate producido se procede polo Alcalde a realizar unha segunda votación sobre que o asunto quede sobre a mesa, arroxando esta segunda votación o mesmo resultado de: oito (8) votos a favor (3 PSdG-PSOE, 2 BNG, 2 AT e 1 de Laureano Alonso Álvarez do GMixto), oito (8) votos en contra (3 PP, 2 C21, 2 CT e 1 de María Jesús Da Silva Fernández do GMixto) e unha (1) abstención (de José Prada Álvarez, concelleiro non



adscrito). En consecuencia, co voto de calidade do Alcalde queda rexeitado que este punto quede sobre a mesa.

A continuación intervén o Sr. Prada Alvarez para aclaración do voto. Sinala que o Alcalde está sistemáticamente dicindo que a oposición vota en contra, e que él é autónomo e non ten compromiso nin co Alcalde nin coa oposición.

A continuación o Sr. Alcalde somete a votación a proposta de Alcaldía sobre aprobación definitiva de Modificación de Crédito, “Crédito Extraordinario nº 1/2018 C) Bases e Premios Concurso Ideas Reordenación Frente Fluvial”, arroxando a votación o seguinte resultado: nove (9) votos a favor (3 PP, 2 C21, 2 de Ciudadanos Tudenses, 1 de María Jesús da Silva Fernández do GMixto e 1 de José Prada Alvarez concelleiro non adscrito), oito (8) votos en contra (3 PSdG-PSOE, 2 BNG, 2 AT e 1 de Laureano Alonso Álvarez do GMixto) e cero (0) abstencións. En consecuencia coa votación queda aprobada a proposta de Alcaldía.

En consecuencia o Pleno da Corporación acorda:

1.- Inadmitir as alegacións presentadas por Enrique Cabaleiro González, voceiro do Grupo municipal do PSdeG-PSOE; Carmen Méndez Núñez, voceira do BLOQUE NACIONALISTA GALEGO; Miguel Ángel Capón Rey, voceiro de ALTERNATIVA TUDENSE; Laureano Alonso voceiro de SON DE TUI e José Prada Alvarez

2.-Aprobar definitivamente o Expediente de Modificación de Créditos "Crédito Extraordinario 1/2018 C) **Bases e Premios Concurso Ideas Reordenación Frente Fluvial**, financiado co Remanente Líquido de Tesourería e por un importe total de 36.050,00€ .

3.- Publicar o edicto de aprobación definitiva do Expediente de Crédito Extraordinario nº 1/2018 C) Bases e Premios Concurso Ideas Reordenación Frente Fluvial, resumido por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e taboleiro de anuncios deste Concello.

4.- O expediente de Crédito Extraordinario entrará en vigor unha vez publicado na forma prevista, e indicar que, segundo o artigo 170.2 TRLRFL. contra a aprobación definitiva do expediente poderá interporse directamente recurso contencioso-administrativo, na forma e prazos que establecen as normas de dita xurisdición.

4º.- EXPEDIENTE 2653/2018. PROPOSTA DE ALCALDÍA, DE DATA 22/10/2018, RELATIVA A DESIGNACIÓN DE FESTIVOS LOCAIS PARA O VINDEIRO ANO 2019.-

Vista a proposta de Alcaldía de data 22.10.2018, do teor:

"PROPOSTA DE ALCALDÍA

Visto Real decreto lexislativo 2/2018, art. 37.2 do Real decreto lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, e no artigo 45 e 46 do Real decreto 2001/1983, do 28 de xullo, declarado vixente pola disposición derogatoria única do Real Decreto 1561/1995, do 21 de setembro, sobre

xornadas especiais de traballo, aos efectos de determinación das festas de carácter local para o ano 2019.

Visto que tal proposta debe ser aprobada polo Pleno da Corporación Municipal de conformidade co disposto no artigo 46 do Real Decreto 2001/1983, do 28 de xullo, sobre regulación da xornada de traballo, xornadas especiais e descansos, pola presente propoño ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.-Designar como festivos locais do Concello de Tui, para o vindeiro ano 2019, os seguintes:

- 4 de marzo, luns de Entroido.

- 29 de abril, luns de San Telmo.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo ao Servizo de Traballo e Economía Social – Xefatura Territorial de Pontevedra Sede Vigo da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia."

Intervén o Sr. Alcalde que indica que chegou o escrito da Xunta o 22, posteriormente á celebración da comisión, no que solicitaba que antes do 11 de novembro se informase.

A continuación o Sr. Alcalde somete a votación a urxencia, que se aproba por unanimidade dos presentes (17 votos a favor).

Ás vintedúas horas e dezasete minutos abandona a sesión o Sr. Castro Negro, que se incorpora novamente ás vintedúas horas e vinte minutos.

Toma a palabra o Sr. Capón Rey dicindo que propón unha emenda de substitución, no senso de que os festivos sexan o martes de Entroido e o luns de San Telmo. Continúa o concelleiro dicindo que o martes é o que ten tradición e o que debeu ser sempre e non debeu deixar de ser.

Intervén o Sra. Carmen Núñez que comenta que coinciden co Sr. Capón Rey e que beneficiaría á hostelería. Engade que o Sr. Padín argumentaba que se promovía a competitividade das empresas, e alude a que hai demanda polo tecido empresarial para mudalo de día. Comenta que os traballadores xa teñen Convenios que fixan os festivos nas súas empresas, que ademáis o Alcalde tamén ten que defender aos traballadores, non só ás empresas, e que o Alcalde non pode exercer de patronal, ten que exercer de alcalde.

Intervén o Sr. Alcalde que indica que din que hai menos desfiles e que é ao revés, xa que é máis fácil atraer comparsas para o luns. Comenta que favorece no senso de unificar os festivos con fins de semana e que é beneficioso para patróns, operarios e produtividade, porque os salarios altos se producen en países con alta produtividade, e favorece os descansos e a produtividade.

O Sr. Capón Rey comenta que non sabía que estaba na orde do día a produtividade e os salarios, e pregunta se o Alcalde é economista.

Intervén o Sr. Alcalde e pide respeto.

O Sr. Capón Rey comenta que o respecto perdeuno o Alcalde cando di que non sabemos de economía, e continúa dicindo que o Alcalde é un irrespectuoso.



O Sr. Alcalde intervén dicindo ao Sr. Capón Rey que se continúa falando terá que advertilo.

A continuación o Sr. Alcalde somete a votación a emenda de substitución formulada polo Sr. Capón Rey no senso de que os festivos sexan o martes de Entroido e o luns de San Telmo, que se aproba por oito (9) votos a favor (3 PSdG-PSOE, 2 BNG, 2 AT, 1 de Laureano Alonso Álvarez do GMixto e 1 de José Prada Alvarez concelleiro non adscrito), oito (8) votos en contra (3 PP, 2 C21, 2 CT e 1 de María Jesús Da Silva Fernández do GMixto) e cero (0) abstencións.

En consecuencia o pleno da Corporación acorda:

PRIMEIRO.-Designar como festivos locais do Concello de Tui, para o vindeiro ano 2019, os seguintes:

- 5 de marzo, martes de Entroido.
- 29 de abril, luns de San Telmo.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo ao Servizo de Traballo e Economía Social – Xefatura Territorial de Pontevedra Sede Vigo da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia.

5º.- EXPEDIENTE 2560/2018. PROPOSTA DA ALCALDÍA EN FUNCIONS, DE DATA 15/10/2018, PARA APROBACIÓN DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO Nº 4/2018 (MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS 23/2018) CO OBXECTO DA ELABORACIÓN DUN CATÁLOGO DE PROCEDEMENTOS ADMINISTRATIVOS E UN PROCESO DE MELLORA NA ÁREA DE URBANISMO.-

Vista a proposta de Alcaldía en funcións de data 15/10/2018, do teor:

"PROPOSTA DO ALCALDE

ASUNTO: CRÉDITO EXTRAORDINARIO Nº 4/2018 (MODIFICACION DE CRÉDITOS 23/2018) FINANCIADO CON REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS.

Incoado o expediente de crédito extraordinario número 4/2018, financiado con remanente líquido de Tesourería para gastos xerais, co obxecto da elaboración dun “Catálogo de procedementos Administrativos e un proceso de mellora na Area de Urbanismo”, polo importe de 16.698,00€.

Visto o informe de Intervención EMP 99/18 esta Alcaldía, de conformidade co disposto no artigo 177 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o TRLRFL, e do artigo 35 do RD 500/1990, de 20 de Abril, propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO: Aprobar o expediente de crédito extraordinario número 4/2018, financiado con Remanente líquido de Tesourería para gastos xerais, por importe de 16.698,00€ € de acordo co seguinte detalle:

I.- GASTOS:

Habilitación: Aplicacións orzamentarias do orzamento de gastos ás que se dota de crédito extraordinario.-

APLICACIÓN ORZAMENTARIA			CONCEPTO	IMPORTE
151	22706	05	Urbanismo. - Estudios e traballos técnicos (Catálogo procedementos administrativos e proceso mellora Area Urbanismo)	16.698,00 €
			TOTAL	16.698,00 €

TOTAL HABILITACIÓNES.....16.698,00 €

II- FINANCIACIÓN: Remanente de Tesourería para gastos xerais:

PARTIDA	DENOMINACIÓN	IMPORTE
870 00	Remanente de Tesourería para gastos xerais.	16.698,00 €
TOTAL FINANCIACIÓN		16.698,00 €

III) RESUMEN:

EXPRESIÓN	
1.-Total crédito extraordinario	16.698,00 €
2.- Financiación:	
a) Novos ingresos.....	
b) Baixas por anulación.....	
c) Remanente líquido tesourería.....	16.698,00 €
....	
3.- <i>Financiación</i> <i>igual</i> <i>a</i> <i>habilitación</i>	16.698,00 €



SEGUNDO: Que este expediente de modificación de crédito (crédito extraordinario 4/2018), que se aproba inicialmente, sexa exposto ao público polo prazo de quince días hábiles no departamento de Intervención do Concello, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de anuncios da Sede Electrónica do Concello de Tui, prazo no que os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno da Corporación, en cumprimento do disposto no artigo 177.2 do RDL 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o TRLRHL E 38.2 en relación co artigo 20.1 do Real Decreto 500/1990, do 20 de Abril.

TERCEIRO: Este expediente de modificación de créditos considerárase definitivamente aprobado, de conformidade cos artigos citados no apartado anterior, se durante o citado período non se presentaran reclamacións."

Intevén o Sr. Alcalde, que indica que este punto foi retirado en comisión, polo que se deberá votar a urxencia. Se xustifica en que a área de Urbanismo ten un funcionamento deficiente, e dende o goberno entendemos necesario abordar o problema, porque supón un freo ao crecemento económico e demográfico de Tui. Comenta que na actualidade hai carencias como a inexistencia dun manual de tramitación e fluxos para a tramitación administrativa, e que cómpre unha opinión experta. Engade que será un traballo coa colaboración dos técnicos de área, e que paralizar este proceso sería un aval para que a deficiente situación na área de urbanismo se prolongue ao longo do tempo.

A continuación o Alcalde somete a votación a urxencia, que se aproba por unanimidade dos presentes (17 votos a favor).

Toma a palabra o Sr. Prada Alvarez dicindo que lle parece grave isto. Sinala que el foi concelleiro de Urbanismo e nunca viu un ataque tan directo a un departamento por un alcalde. Engade que, sen ánimo de ofender, se trata dun departamento que está descuidado dende o equipo de goberno, un departamento que non ten concelleiro de Urbanismo (xa que a concelleira está traballando fora). Comenta que, sen entrar moito no fondo, nese departamento saían obras, non todas as que quixeramos, porque os que gobernan sempre queremos máis, pero que lle parece grave o facer unha auditoría a Urbanismo e non lle cadra, non sabe se legalmente se pode facer. Engade que el apoaría isto si a auditoría faina en tódolos departamentos, por exemplo en contratación hai obras que non dan saída e me gustaría saber que é o que pasa, quizáis porque hai un candidato responsable do departamento que non lle interesa que saian obras.

Intervén o Sr. Alonso Alvarez e dille ao Sr. Alcalde que está amortizado como alcalde, que lle quedan seis plenos e pregunta que para que se complica a vida. Continúa dicindo que o que vai facer é ilegal, que o art. 92 da LBRL non permite auditoría en Urbanismo, e que só cabe en Intervención e por persoas coa homologación correspondente. Comenta que se o Alcalde trae un punto que se entere, e que o Alcalde decidiu isto consultando consigo mesmo e despois arrógase que é do goberno.

Continúa o Sr. Alonso indicando que a acta da Xunta de Goberno Local do 13 de xullo, por cinco minutos, xa que comezou ás dez horas e trinta e cinco minutos e rematou ás dez horas e corenta minutos, por esa xunta se cobrou cento trinta e tres euros, e iso é un salario descomunal se multiplicamos por hora, non creo que nin Cristiano Ronaldo cobre iso.

Engade que outras dúas xuntas foron de trinta minutos, e que ese é o traballo do Alcalde, que a concelleira de Urbanismo esté enriba dos expedientes, non que traballe a 50 km. e tente resolver o problema por teléfono.

A continuación sinala que lle leva dicindo ao Alcalde que lle quedan dous meses dende setembro, e que agora quédanlle trinta días.

Engade que esta auditoría non sepode facer e que Xestiona lle permite un seguimento dos expedientes por orde de entrada. Sinala que se non se emiten informes en prazo que atallen iso. Alude a que hai un abandono nese departamento palpable e a que os departamentos funcionan se hai persoal que traballa e políticos que saben dirixir e vostede non sabe dirixir.

Continúa o Sr. Alonso a súa intervención aludindo a que o Alcalde lle dixo ao Sr. Tato que estaba con amistades perigosas (acusacións torticeiras e moi fortes), e sinala que lle gustaría saber se el ten amistades perigosas. Engade que para o que lle queda de Alcalde que se porte ben e governe respetando os informes que xa non o fai.

Alude a que o departamento de Urbanismo ten recursos suficientes e que o que fai falta é un político que dirixa e atenda aos vecinos, que se fose un alcalde serio tería cesado á concelleira de Urbanismo, e que non vote a culpa aos traballadores da casa, que a culpa é do Alcalde. A continuación sinala que no departamento de contratación ten un problema político, e pregunta como lle vai sacar adiante obras cando el quere inaugurar as obras como futuro alcalde.

Intervén o Sr. Capón Rey dicindo que con amistades perigosas o alcalde quere dicir que hai políticos aquí descarriados. Comenta que escoitou falar a dous concelleiros de “auditoría”, e que o Alcalde convenceunos de que falemos de auditoría, pero na proposta do Alcalde en funcións en ningún intre se fala de auditoría. Engade que o Alcalde falou de auditoría e ao repetir vinte veces unha mentira xa conseguiu que se fale de auditoría. A continuación o Sr. Capón Rey preguntalle á secretaria se os procedementos estan marcados. A secretaria responde que a Lei marca pautas dos procedementos.

O Sr. Capón Rey indica que o que quere o Alcalde é disfrazar, que como non pode facer una auditoría o alcalde públicamente dixo que había un enfrentamento entre dous funcionarios, e que pode habelo, pero que iso non se soluciona con catálogo de procedementos, soluciónase aplicando o procedemento establecido, se un funcionario ten que emitir un informe en dez días, ten que emitilo.

Ás vintedúas horas e corenta e seis minutos sae da sesión o concelleiro Enrique Cabaleiro González.

Continúa o Sr. Capón Rey dicindo que ito non ten senso, que teñen que aplicar os procedementos que existen e o programa Gestiona. Engade que o que ten senso é unha auditoría de riscos financeiros en tódolos departamentos, porque as auditorías son ex post, non son para determinar un catálogo de procedementos administrativos.

Ás vintedúas horas e corenta e nove minutos incorpórase novamente á sesión o concelleiro Enrique Cabaleiro González.

O Sr. Capón Rey continúa a súa intervención dicindo que se os funcionarios non cumpren tócalle a vostede abrir o expediente correspondente, e iso é indelegable. Remata indicando que a finalidade non é poñer en marcha o departamento de Urbanismo.

Intervén a Sra. Núñez Méndez dicindo que, recén abrobados os orzamentos, é raro que non incluíra este proxecto nos seus orzamentos, e que isto denota improvisación no equipo de goberno. Pregunta a qué se refiren con catálogo de procedementos, porque os procedementos estan regulados. Alude a que non ten autoridade moral, cando a concelleira



de Urbanismo non está, e a que habería que empezar cunha auditoría para a concelleira. Continúa a concelleira indicando que o Alcalde ataca aos traballadores, cando estes traballadores amosan a súa dispoñibilidade máis alá das súas obrigas laborais. Engade que hai que falar cos traballadores, recoller as súas suxerencias, e que quen tería que facer ese estudo sería a concelleira de Urbanismo. Pregunta se antes de propor este catálogo tivo algunha reunión cos traballadores de Urbanismo.

Neste intre, ás vintedúas horas e cincuenta e un minutos sae da sesión o concelleiro Antonio Castro Negro.

Continúa dicindo a Sra. Núñez Méndez que terían que facer autocrítica e ver se o problema é seu e non doutros, e que ao mellor son parte do problema porque non saben dirixir o departamento.

A continuación intervén a Sra. Rodríguez Rodríguez dicindo que neste punto non se trae a contratación dalgunha empresa coa finalidade sinalada, novamente o que se trae é a aprobación de crédito porque no orzamento non está previsto. Comenta que o informe da interventora é desfavorable e xa veremos o da secretaria en contratación.

Neste intre, ás vintedúas horas e cincuenta e catro minutos incorpórase novamente á sesión o concelleiro Sr. Castro Negro.

Continúa a intervención a Sra. Rodríguez Rodríguez dicindo que recorda á xente entrar polo despacho afectados por cuestións de Urbanismo, e sinala que o Alcalde agora ten apuro porque, como non ten concelleira de Urbanismo, a xente sube ao seu despacho. Engade que contrataron un asesor xurídico para asesoramento á concelleira de Urbanismo e ao alcalde, e custa 2.500 euros mensuais, cunha contratación irregular. Engade que o problema o ten agora que coa concelleira de urbanismo nas súas circunstancias laborais (no seu lexítimo dereito) empezan a subir á Alcaldía, entón alguén lle aconsella ao Alcalde poñer o ventilador e repartir responsabilidades.

Cotinúa a Sra Rodríguez indicando que se o Alcalde quere contratar un xurídico pode contratar un técnico de administración xeral, non un asesor para o alcalde. Engade que o goberno anterior non foi irresponsable e que esa praza está presupostada, ten os seus obxectivos e está no programa de execución temporal, pero o Alcalde contrata un xurídico para asesorar ao alcalde e a concelleira, non para solucionar os problemas do Concello. Engade que no orzamento o que viña contemplado era o seu asesoramento, non a solución dos problemas dos cidadáns. Alude a que unha persoa que estivo aquí como secretario accidental permitiu que contásemos cun inventario de todo o atrasado. Sinala que isto que se trae é unha adxudicación a dedo do que ao Alcalde lle da a gana, e que ela cre que fai unha caza de bruxas cubríndose as costas do que lle caiu e lle vai caer.

Intervén o concelleiro Sr. Castro Negro e alude a que a concelleira Sra. Núñez Méndez lle preguntara se estaba enterado do tema de Urbanismo.

A Sra. Núñez Méndez intervén dicindo que o que lle pedía era que lle contestara na regularización catastral, pero que neste tema pediulle ao Alcalde, non ao Sr. Castro Negro.

Neste intre, ás vintetrés horas e dous minutos sae da sesión o Sr. Capón Rey.

Intervén a concelleira de Urbanismo, Sra. Rodríguez Fernández, dicindo que non cree que sexa a primeira concelleira que ten un traballo e o compaxina coa concellería, e que a ver se agora ten que facer un cronograma de onde está en cada intre. Engade que non cre que ninguén poida dicir que non lle atendera cando puido facelo. Comenta que se instaurou unha moda de que se traballa por providencias, e que ninguén di que non se contesten en prazo, xa que normalmente se contestan en prazo, pero pregunta qué mais da se contestan en prazo se os informes non aclaran nin propoñen.

Neste intre, ás vintetrés horas e catro minutos, incorpórase novamente na sesión o Sr. Capón Rey.

Continúa a concelleira de Urbanismo dicindo que vostedes chegaron a pedirlle ao secretario accidental que lles aclarase as funcións de determinados técnicos en Urbanismo, e que se encontraron con iguais problemas que eles. Pregunta qué fixeron vostedes, porque hai expedientes que non se poden archivar, pregunta se solventaron acaso a situación dun polígono industrial que está sen recepcionar. Alude a que no 2010 levaron a Xunta de Goberno Local a licencia do Outlet de Tui e non se aprobou, e que iso segue estando aí, en situación irregular. Engade que e iso por fon falar de licenzas e permisos que piden veciños e que unhas tardan máis ou menos non se sabe en base a qué criterios. Engade que hai expedientes sen contificar, comunicación previas sen revisar, obras sen recepcionar, e que todo está así en Urbanismo.

Comenta que o asesor xurídico non é para asesorarnos e aconpañarnos a actos como dixo, e alude a que nunha Xunta de Goberno Local xa teñen subido un informe dese asesor xurídico de segunda opinión nun expediente no que un informe era dunha forma e outro doutra. Engade que o goberno anterior tamén estaba asesorado, por outro Juan, que non sabe como lle pagaban.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que a ver se nos deixamos de hipocresía e falamos do problema real do departamento de Urbanismo. Os problemas de Urbanismo veñen de moi atrás, e as vítimas do departamento son os cidadáns, e vostedes eran hipercríticos con esta situación hai dous anos atrás, pero agora votan a culpa ao alcalde e a concelleira.

Comenta o Alcalde que o Sr. Alonso Alvarez di que por qué me complico a vida, porque se é necesario complicarme a vida para defender aos cidadáns de Tui, claro que vou complicarme a vida. Alude a que o futuro é que o sector público tamén esté sometido a control, e a que él é fillo de funcionarios e non ten nada en contra deles, pero que pode ser crítico con que non teñan que ser sometidos a control.

Sinala que esta foi unha idea da concelleira e miña cando levabamos tres ou catro meses de mandato. Indica que xestiona é unha ferramenta, e que a lei marca procedementos abertos pero non os concretan e as persoas dentro do departamento non están de acordo co procedemento e é positivo que veña alguén de fora e marque un procedemento, e se non se cumpre o procedemento e as instrucións haberá que tomar medidas.

Engade que os políticos temos limitacións para entender a documentación que hai no departamento e informes do departamento, e que pensa que é unha imprudencia dicir que é o político quen ten responsabilidade cando non é capaz nin de entender o que poñen os informes. Hai que intentar que haxa unha vocación de servizo aos cidadáns e ese é o ánimo deste equipo de goberno.

Continúa dicíndolle ao Sr. Alonso que non lle fale da Pirotecnia. Engade que o Sr. Cabaleiro no seu goberno non executou a Setenza, e que a primeira multa a el viulle cando levaba días de alcalde. Comenta que él foi elegante e tentou non airear isto, pero que vostedes non o foron. Engade que eles van propor as medidas encamiñadas a que as cousas funcionen mellor, que por algo haberá que comezar, que é algo que está na rúa e nós temos



que intentar resolvelo, e que non sabe se o conseguirán pero teñen que tentalo. Comenta que a formulación da RPT terá que ter moi en conta o que pasa nese departamento, e que sería convinte ter ese plan de mellora previo á RPT. Engade que eles fan o que cren que teñen que facer, aínda complicándose a vida.

Intervén o Sr Prada Álvarez dicindo que a el parécelle unha barbaridade. Alude a que antes todo o que se facía en Urbanismo era xudicializado, e que él saíu absolto de todo pero o dano que se fixo no departamento de Urbanismo de Tui foi tremendo, polo que pode entender aos funcionarios e a que teñan medo de informar. Comenta que o Alcalde ten competencias para abrir expediente. Remata a súa intervención indicando que un departamento como Urbanismo require dedicación.

Intervén o Sr. Alonso Alvarez dicindo que cre que se está desviando a atención. Comenta que hai dous informes, un do arquitecto e outro da asesora de urbanismo, e se os informes son contradictorios as obras non van para adiante. Se a concelleira non está as cousas non van para diante.

Intervén o Sr. Capón Rey dicindo que se reafirma no dito, no corto prazo o que resolve é a aplicación da Lei. O que di o alcalde de que discuten cal ten que ser primeiro, pois pregúntello á secretaria, e se a secretaria non pode facer ese informe pídalle tutela á Deputación. Engade que o que non van conseguir é que os informes llos fagan a medida. A continuación o Sr. Capón Rey fai constar que el votou en contra do Outlet, e engade que o problema é un problema de decisión dos políticos e que o catálogo de procedementos xa está na Lei. Remata a súa intervención indicando que cuestión distinta é o estudo de organización e métodos. Comenta que proponen que quede sobre a mesa e que o leve a comisión e consulte coa Corporación.

Intervén a concelleira Sra. Núñez Méndez dicindo que insiste no informe desfavorable da interventora sobre o incumprimento da regra de gasto e estabilidade orzamentaria, e que isto denota improvisación do equipo de goberno. Engade que o papel de Xestiona hai que aproveitalo e pregunta se o goberno leva control por Xestiona. Dille á Sra. da Silva que non os ataque a eles para defenderse, porque a Sra. Da Silva asinou a moción para mellorar. Remata indicando que non lle contestaron á pregunta de se tiveron reunión cos traballadores de urbanismo antes de propor isto, e pregunta se teñen coñecemento do que eles pensan respecto ao funcionamento de urbanismo.

A continuación intervén o concelleiro Sr. Cabaleiro González dicindo que para falar de determinados asuntos hai que ter autoridade e ética. Alude a que o PSOE na oposición fiscalizou sobre trinta expedientes nos que pensabamos que podía haber indicios de responsabilidade de ámbito penal, e que foron á Fiscalía. Engade que o chamou Fiscalía que tiña que archivar porque os perxudicados non foron declarar.

Comenta que coidado con ter un asesor externo para facer informes á carta, porque a súa contratación é ilegal.

Alude a que o departamento de Urbanismo nunca funcionou ben, e a que eles tentaron melloralo e se comezaba a recuperar, pero vostedes o acabaron de fundir. Engade que a el nada máis chegar lle puxeron unha multa de trescentos euros porque non se comunicara un expediente cumprido.

Comenta que eles non o culpabilizan de Paramos, o culpabiliza a Xustiza, e engade que na tramitación dese expediente non se deduciu testimonio de particulares en Fiscalía respecto

á miña persoa. Continúa o Sr. Cabaleiro comentando que o ex-alcalde dixo clausurado, e que o Alcalde dixo pois se o ex-alcade dixo iso pregúntelle a el. Comenta que se contrataron un xurídico, pois que ese xurídico faga ese traballo. Pregunta a quen van contratar agora.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que para abrir un expediente a un funcionario hai que telo moi ben documentado e probado. Engade que se un diagnóstico detecta irregularidades e problemas é unha base para abrir un expediente. Comenta que un obxectivo é tamén coñecer de forma fehaciente tódolos expedientes sen tramitar, os ritmos de tramitación, expedientes paralizados, etc. Alude a que pretenden unha partida para diagnosticar a situación de partida e facer melloras, para a mellora do departamento e non en contra de ninguén. Engade que lle consta que hai grandes traballadores moi frustrados nese departamento, e sinala que tivo moitas reunións cos funcionarios, e que igual que os concelleiros anteriores non foron capaces de chegar a unha solución fructífera, e por iso optouse por este plan de melloras.

Comenta que ningún xurídico vai facer informes á carta, porque incorrería en responsabilidade. Engade que a complexidade da lexislación é tal que ante igual situación se pode informar en branco ou negro respetando a Lei en ambos casos. Indica que a partida para a Técnico de Admnsitración Xeral se está usando para a TAG para o gabinete de Paramos, que a semana que ben se incorporará, e que a vontade é usala para alguén que esté aquí en Urbanismo, pero que agora está en Paramos.

Continúa o Alcalde indicando que hai unha sentenza en xuño de 2015 e que a explosión foi en maio de 2018. Engade que o Xulgado fixo un requerimento sendo alcalde o Sr. Cabaleiro, outro levando el dez días de alcalde e outro xa estando el de alcalde.

Comenta que pretender que el ten a única responsabilidade en Baldráns é difícil de soste, xa que o goberno anterior estivo 27 meses e eu 7. Alude a que agora por primeira vez se toman pasos claros para o cumprimento da Sentenza, co precinto efectivo.

Sinala que ao mellor cando lle preguntaron o prudente sería estar calado, pero que foi o Sr. Cabaleiro quen puxo o foco en Baldráns, cando o foco estaba en Paramos, e que iso é un erro para o concello, e non o beneficia a él nin ao Sr. Cabalerio.

O Sr. Capón Rey pide que quede sobre a mesa.

Intervén a Sra. Rodríguez Rodríguez dicindo que tamén se suma á petición de que quede sobre a mesa, e comenta que se o goberno quere continuar que o leve o xurídico que ten contratado.

A continuación o Sr. Alcalde somete a votación a petición de que este punto quede sobre a mesa, que se aproba por nove (9) votos a favor (3 PSdG-PSOE, 2 BNG, 2 AT, 1 de Laureano Alonso Álvarez do GMixto e 1 de José Prada Alvarez concelleiro non adscrito), oito (8) votos en contra (3 PP, 2 C21, 2 CT e 1 de María Jesús Da Silva Fernández do GMixto) e cero (0) abstencións.

6º.- EXPEDIENTE 974/2018. PROPOSTA DE ALCALDÍA, DE DATA 18/09/2018, DE REVISIÓN DE OFICIO DE ADQUISICIÓN POR SILENCIO ADMINISTRATIVO DA LICEZA URBANÍSTICA PARA LEGALIZACIÓN E REMATE DE OBRAS EN ABELLEIRA, RANDUFE, PROMOVIDAS POR RUBÉN DOMÍNGUEZ RODRÍGUEZ SEGUNDO SOLICITUDE DE 23.07.2010.-



O Sr. Alcalde somete a votación a urxencia do asunto, que se aproba por unanimidade dos membros da corporación (17 votos a favor).

Vista a proposta de Alcaldía de data 18/09/2018, do teor:

"PROPOSTA DE ALCALDÍA.REVISIÓN DE OFICIO DA ADQUISICIÓN POR SILENCIO ADMINISTRATIVO DA LICENCIA URBANÍSTICA PARA A LEGALIZACIÓN E REMATE DE OBRAS EN ABELLEIRA, RANDUFE, PROMOVIDAS POR RUBÉN DOMÍNGUEZ RODRÍGUEZ SEGÚN SOLICITUDE DE 23.07.2010.

Expte. 974/2018 (relacionado co expediente 2498/2017)

Con data 23.04.2018 ditouse resolución de alcaldía de caducidade de procedemento de revisión de oficio e incoación de procedemento de revisión de oficio da adquisición por silencio administrativo da licenza urbanística para a legalización e remate das obras en Abelleira, Randufe, promovidas por Rubén Domínguez Rodríguez, en cuxo literal se recolle:

".../... ANTECEDENTES.

En 04.09.2014, en base aos informes da Secretaria Municipal de datas 01/07/2014 e 27.08.2014 e do Arquitecto Municipal de datas 04/07/2014 e 10.07.2014, por parte da Alcaldía, como órgano competente da iniciativa para propoñer ó Pleno a revisión de actos, incoouse expediente de revisión de oficio da licenza outorgada por silencio administrativo de legalización e remate da vivenda sita en Abelleira, Randufe, Tui, promovida por Rubén Domínguez Rodríguez, según solicitude de 23.07.2010, por entender que o acto encontrábase incurso en causa de nulidade do artigo 62.1.g) da L30/1992 por canto o artigo 33.2 da L9/2002 dispoñía que serán nulas de pleno dereito as autorizacións e licenzas que se outorguen para usos prohibidos en solo rústico.

Neste procedemento deuse trámite de audiencia ó administrado e, con posterioridade, en 16.12.2014, emitíuse proposta de Alcaldía por la que se propoñía desestimar as alegacións de Rubén Domínguez e declarar nulo de pleno dereito o acto administrativo de adquisición de licenza por silencio obxecto de revisión, proposta que foi remitida ó Consello Consultivo, que emitíu informe favorable á mesma en 14.01.2015.

A proposta foi analizada pola Comisión Informativa de Urbanismo, Obras, Contratación e Servizos Municipais en 23.07.2015, e incluída na orde do día do Pleno de 30.07.2015, quedando sobre a mesa e sen resolver por 9 votos a favor e 8 en contra. Como queira que é o Pleno o competente para a adopción da resolución de fondo sobre a revisión de oficio proposta, a data de hoxe o expediente continúa aberto e inconcluso.

En data 13/10/2017 ditouse resolución de Alcaldía de caducidade de procedemento de revisión de oficio (incoado en 04/09/2014) e incoación de procedemento de revisión de oficio, Expte. dixital 2498/2017, habendo transcorrido os prazos legais para a resolución do procedemento de revisión de oficio incoado mediante resolución de data 13/10/2017 sen que dita resolución do procedemento fose adoptada.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Tanto o artigo 102.5 da Lei 30/1992 do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, vixente a data de incoación do expediente e hoxe derogada, como o artigo 106.5 da vixente Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, establecen, prazos de 3 e 6 meses para a resolución do expediente, prazos ambos vencidos no presente caso. Polo que procede entender caducado o expediente.

O artigo 21.1 da Lei 39/2015 sinala que no caso de caducidade do procedemento a resolución de terminación do procedemento consistirá na declaración de tal circunstancia. Resultando competencia do órgano de incoación declarar tal caducidade, o tratarse dun acto do procedemento e non do acordo de aprobación o denegación da proposta de revisión que atinxe adoptar ó Pleno.

Así mesmo, o artigo 95.3 da Lei 39/2015 establece que a caducidade non suporá a prescrición de accións da administración podendo iniciar un novo procedemento. Noso ordenamento consagra o carácter imprescritible da acción de nulidade, non existindo límite temporal para a incoación do procedemento.

A derogada Lei 9/2002 do 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia foi substituída pola Lei 2/2016 do 10 de febreiro do solo de Galicia, que, no seu artigo 35.1 (equivalente o o artigo 33 da L9/2002) sinala os usos permitidos en solo rústico e, no artigo 35.2 sinala prohibidos en xeral todos os non incluídos no apartado 1. Atopándose prohibido, por tanto, e por exclusión, o uso construtivo residencial non vinculado a explotación agrícola ou gandeira.

No presente caso, non existindo cambio de planeamento nin outro feito modificativo das circunstancias que levaron á incoación do procedemento de revisión de oficio caducado polo transcurso do prazo máximo para resolver, procede a incoación dun novo procedemento de revisión de oficio, ó que se incorporaran os actos, informes e trámites do procedemento caducado.

Considerando ase mesmo os informes da Técnica de Administración Xeral do Departamento de Urbanismo de data 16/02/2018, do arquitecto municipal de data 27/03/2018 e da secretaria de data 23/04/2018.

De conformidade co disposto no artigo 102 da Lei 30/1992 e no artigo 106 da vixente Lei 39/2015, esta Alcaldía, no uso das competencias que lle confire a normativa, RESOLVE:

PRIMEIRO. Declarar caducado o procedemento de revisión de oficio da adquisición por silencio administrativo da licenza urbanística para a legalización e remate das obras en Abelleira, Randufe, promovidas por Rubén Domínguez Rodríguez, o haberse iniciado o procedemento en 13/10/2017 e ter transcorrido os prazos legais para a súa resolución sen que ésta fose adoptada.

SEGUNDO. Iniciar procedemento de revisión de oficio da adquisición por silencio administrativo da licenza urbanística para a legalización e remate das obras en Abelleira, Randufe, promovidas por Rubén Domínguez Rodríguez, considerando que tal acto se atopa incurso nas causas de nulidade recollidas no artigo 62.1. f) e g) da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico e procedemento administrativo común (hoxe artigo 47.1. f) e g) da Lei 39/2015, de 1 de outubro), por canto foi outorgada para un uso prohibido en solo rústico tanto no momento do seu outorgamento, segundo o artigo 33 da L9/2002, como no momento actual, segundo o artigo 35 da L2/2016 que substitúe o anterior.



TERCEIRO. Incorporar ao procedemento de revisión de oficio que se incoa pola presente resolución, os actos, informes e trámites dos procedementos caducados (incoados por resolucións de datas 04/09/2014 e 13/10/2017).

CUARTO. Notificar aos interesados para que no prazo de dez días poidan consultar o expediente e presentar as alegacións e documentos que estimen pertinentes.

QUINTO. Comunicar os interesados de que o prazo máximo para resolver o presente procedemento é de 6 meses, segundo o disposto no artigo 106.5 da L39/2015 podendo suspenderse o mesmo no intre de remisión ó Consello Consultivo e ate que o informe de tal organismo teña entrada no rexistro do Concello.”

Dado trámite de audiencia ao interesado, este non presentou alegacións.

Considerando os informes da Técnica de Administración Xeral do Departamento de Urbanismo de data 16/02/2018, do arquitecto municipal de data 27/03/2018, da secretaria de data 23/04/2018 e demais documentación obrante o expediente. Considerando o Ditame favorable do Consello Consultivo de Galicia de data 12/09/2018, con data de rexistro de entrada de 14/09/2018 (nº 7992).

Esta Alcaldía, no uso das competencias conferidas pola lexislación vixente e coa motivación recollida na resolución da Alcaldía de 23/04/2018 de incoación de procedemento de revisión de oficio, nos informes da Técnica de Administración Xeral do Departamento de Urbanismo de data 16/02/2018, do arquitecto municipal de data 27/03/2018 e da secretaria de data 23/04/2018, así como no Ditame do Consello Consultivo de Galicia de data 12/09/2018 (con data de rexistro de entrada de 14/09/2018 (nº 7992)), propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO. Declarar nulo de pleno dereito o acto administrativo de adquisición por silencio administrativo da licenza urbanística para a legalización e remate de obras en Abelleira, Randufe, promovidas por Rubén Domínguez Rodríguez según solicitude de 23.07.2010, considerando que tal acto se atopa incurso na causa de nulidade recollida no artigo 62.1 g) da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico e procedemento administrativo común (hoxe artigo 47.1 g) da Lei 39/2015, de 1 de outubro), por canto foi outorgado para un uso prohibido en solo rústico tanto no momento do seu outorgamento, segundo o artigo 33 da L9/2002, como no momento actual, segundo o artigo 35 da Lei 2/2016 do solo de Galicia que substitúe o anterior.

SEGUNDO. Notificar aos interesados a declaración de nulidade de dito acto administrativo significándolles que, contra o presente acordo, por poñer fin á vía administrativa, poderá interpoñer os seguintes recursos en aplicación dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, e artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso administrativa:

Potestativo de reposición, ante o mesmo órgano que ditou o acordo, no prazo dun mes, contado a partires do día seguinte ao desta notificación.

Contencioso Administrativo, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da presente notificación, se non se interpuxera o de reposición. Se se interpuxera este último, o prazo de dous meses empezará a contar dende o día seguinte ao da notificación da resolución do

recurso de reposición, se esta fora expresa. Se a resolución non fora expresa o prazo para interpoñer o recurso contencioso administrativo será de seis meses, contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza a desestimación por silencio administrativo."

Intervén o Sr. Prada Álvarez dicindo que é unha consecuencia do departamento, e que quen gobernaba que explique.

Intervén o Sr. Cabaleiro González dicindo que este expediente trouxérase a Pleno fai tres anos. Comenta que non é productivo dun funcionamento anómalo do departamento de Urbanismo, que tamén, senon que o PP recortou os núcleos no rural e houbo persoas que quedaron fora de núcleo, e ven a APLU e tira e a licenza se concedera por silencio. A APLU entende que a concesión desa licenza vulnera os requisitos legais e ordena a demolición. Engade que se trouxera isto ao Pleno e os membros que agora están no goberno votaron en contra, prevaricando, e entón os veciños non puideron presentar reclamación de responsabilidade patrimonial. Comenta que iso amosa que goberno facía as cousas ben, e que a eles os acusaran de todo. Reitera que os membros que agora están no goberno votaron en contra dun informe do Consello Consultivo.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que lle da a razón e que pensa que foi un erro, que naquela altura levaron igual decisión que se trae agora, e que daquela eles a petición dos afectados pediran a retirada, o que foi un erro por parte dos que entón estabamos na oposición, por querer axudar ao que nos pedían os veciños. Comenta que o abogado dese veciño os acusaba, por facer o que eles nos pediran, de ter cometido un delito, e que se o cometeron foi para axudalos.

Intervén o Sr. Prada Álvarez dicindo que cré que como tódolos concelleiros nos congratulamos. Engade que supón que a familia quererá que este punto se aprobe, e comenta pedir disculpas a estas familias e procurar que isto non volva a ocorrer.

Intervén o Sr. Capón Rey dicindo que houbo concelleiros que tiveron que aguantar insultos, incluído el.

A concelleira Sra. Rodríguez Rodríguez intervén dicindo que entende a desesperación dos veciños, e que quenes agora están no goberno se valeron da desesperación dos veciños para enfrentarse ao anterior goberno e alentaron insultos que tivo que soportar ata o anterior secretario.

Intervén o Sr. Alcalde e di que el non insultara a ninguén, se ben é verdade que houbo persoas que insultaron. Engade que él falara con eles e lle dixera que apoiaban niso pero que non volveran a estar así.

A continuación o Sr. Alcalde somete a votación a proposta de Alcaldía de data 18/09/2018, que se aproba por unanimidade dos membros da corporación (17 votos a favor)

En consecuencia o Pleno da Corporación acorda:

PRIMEIRO. Declarar nulo de pleno dereito o acto administrativo de adquisición por silencio administrativo da licenza urbanística para a legalización e remate de obras en Abelleira, Randufe, promovidas por Rubén Domínguez Rodríguez según solicitude de 23.07.2010, considerando que tal acto se atopa incurso na causa de nulidade recollida no artigo 62.1 g) da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico e procedemento



administrativo común (hoxe artigo 47.1 g) da Lei 39/2015, de 1 de outubro), por canto foi outorgado para un uso prohibido en solo rústico tanto no momento do seu outorgamento, segundo o artigo 33 da L9/2002, como no momento actual, segundo o artigo 35 da Lei 2/2016 do solo de Galicia que substitúe o anterior.

SEGUNDO. Notificar aos interesados a declaración de nulidade de dito acto administrativo significándolles que, contra o presente acordo, por poñer fin á vía administrativa, poderá interpoñer os seguintes recursos en aplicación dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, e artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso administrativa:

Potestativo de reposición, ante o mesmo órgano que ditou o acordo, no prazo dun mes, contado a partires do día seguinte ao desta notificación.

Contencioso Administrativo, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da presente notificación, se non se interpuxera o de reposición. Se se interpuxera este último, o prazo de dous meses empezará a contar dende o día seguinte ao da notificación da resolución do recurso de reposición, se esta fora expresa. Se a resolución non fora expresa o prazo para interpoñer o recurso contencioso administrativo será de seis meses, contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza a desestimación por silencio administrativo.

Ás vinte e catro horas se da por rematada a sesión de todo o que eu, secretaria, dou fe.